

Organismo:

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no-Diario Oficial de Galicia)	

SUMARIO

Resolución do 10 de febreiro de 2026, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural pola que se convocan para realizar as probas físicas ás persoas aspirantes integrantes das listas reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo, correspondentes a determinadas categorías e escalas e especialidades da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia do Servizo de Prevención de Incendios Forestais.

TEXTO:

Por RESOLUCIÓN do 27 de xaneiro de 2026, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, publicáronse as persoas aspirantes que deberán realizar as probas físicas dos integrantes das listas reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo, correspondentes a determinadas escalas e especialidades do servizo de prevención contra incendios forestais. O punto terceiro da dita resolución establece que as persoas aspirantes que vaian realizar a proba Field Test, deben remitir un certificado medico oficial ou informe de saúde, asinado por un colexiado en exercicio no que se faga constar que non presentan enfermidade ou discapacidade que impida o correcto desenvolvemento dunha proba de esforzo físico.

De acordo cos certificados médicos achegados e á vista das alegacións presentadas en prazo, e co fin de elaborar a lista definitiva para a cobertura dos postos de persoal laboral do SPIF.

Esta Secretaria Xeral Técnica,

RESOLVE:

Primeiro.- Convocar ás persoas aspirantes que achegaron o certificado médico para a realización da proba física Field Test, que teñen número de orde para ser chamado para algunha das seguintes especialidades das listas elaboradas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo:

GRUPO	CATEGORÍA OU CORPO/ESCALA	DENOMINACION
I	38	Técnico/a superior de defensa contra incendios forestais
II	39	Técnico/a forestal de defensa contra incendios forestais
III	100	Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada
IV	33	Bombeiro /a forestal condutor/a de motobomba
V	14	Bombeiro /a forestal



V	14A	Bombeiro /a forestal condutor
C1	209U	Escala técnica do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios forestais. Especialidade de Bombeiro forestal xefe de brigada.
C2	207T	Escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios forestais. Especialidade de Bombeiro forestal-condutor de motobomba.
C2	207U	Escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios forestais. Especialidade de Bombeiro forestal.

Segundo.- A proba física Field Test realizarase os días 24, 25, 26 e 27 de febreiro de 2026 no Estadio Municipal Vero Boquete, sito na Avda. de Fernando de Casas Novoa, 20 - San Lazaro - 15703 en Santiago de Compostela (A Coruña).

Terceiro.- A relación definitiva de aspirantes convocados á realización da proba física e o día e hora na que deberán presentarse relaciónase no seguinte enlace: <https://ovmediorural.xunta.gal/gl/areas-tematicas/prevencion-incendios>.

Cuarto.- A proba física Field Test consistirá en camiñar 3.200 metros sobre terreo plano cun peso de 11 kg ás costas, nun tempo máximo de 30 minutos.

Quinto.- Os aspirantes acudirán á realización da proba provistos do DNI.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2026

A secretaria xeral técnica

Marta Forés Lojo

INSÍRASE EN DOG

A secretaria xeral técnica

Marta Forés Lojo

